



COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

ACTA 30 – REUNIÓN XUNTA DIRECTIVA 9/10/2021

Data: 9 de outubro de 2021
Hora de comezo: 16:10
Hora de remate: 19:45
Lugar: Centro Galego de Tecnificación Deportiva - Pontevedra

Asistentes:

Ángel López-Montesinos Vázquez	Presidente
Guillermo Sandino Leira	Vicepresidente e Secretario
Manuel Garrido Toro	Vogal delegación de Ourense
Estefanía Acuña García	Vogal delegación de Pontevedra
Andrés Anxo Pérez Sánchez	Vogal delegación de Santiago
Rocío López Schmidt	Vogal delegación de A Coruña
M ^a Concepción Pérez Cerdeira	Vogal delegación de Vigo
Montserrat Barrio Rodríguez	Vogal delegación de Valdeorras
M ^a Dolores Rojas Suárez	Vogal asesora de marcha
Ignacio Rego Tesouro	Vogal asesor de Foto Finish
Rubén Martínez Vega	Vogal asesor de formación de FF
Eloy Bretal Cancelas	Vogal asesor de designacións

Ausentes:

David Corredoira Vázquez	Vogal delegación de Lugo
Begoña Rodríguez Quintia	Vogal delegación de Ferrol
Jorge Blanco Chao	Vogal asesor de ruta



ACTA DA REUNIÓN

Ábrese a reunión ás 16:10. O presidente agradece a asistencia a esta primeira reunión presencial tras a pandemia. Aproveita para agradecer a todos os xuíces o esforzo realizado para sacar adiante as competicións con todos os protocolos de prevención da Covid19. Recoñece que houbo menos competicións pero todas puideron saír adiante en gran parte polo bo labor dos xuíces galegos.

O presidente excusa a ausencia de Jorge Blanco que se atopa en Canarias nunha homologación, e dos delegados de Ferrol e Lugo por motivos persoais.

Sen máis, procédese ao apartado do informe do presidente:

Comenta Ángel López-Montesinos que a tempada foi bastante ben, recoñecendo que o protocolo Covid é incómodo e obriga a traballos extras como marcar saídas adicionais. Agradécese a flexibilidade e disposición dos xuíces para adaptarse a estes protocolos e sobre todo a disposición dos xuíces que se moveron para acudir a competicións noutras delegacións.

Informa Ángel López-Montesinos da próxima reunión presencial de presidentes de comités autonómicos en Valladolid coa Junta Directiva do CNJ. Manterá informado a esta Xunta Directiva de calquera información obtida nesa reunión.

Pasa a palabra a Eloy Bretal como presidente durante a maioría da tempada por se ten algo que engadir. Eloy Bretal agradece a disposición dos delegados para cubrir todas as probas, tendo en conta a premura e improvisación que os propios tempos de pandemia obrigaron.

Cede Ángel López-Montesinos a palabra a Guillermo Sandino para comentar algún tema comentado na Junta Directiva do CNJ celebrada en Toledo. Guillermo Sandino expón algún dos asuntos tratados para o coñecemento desta Xunta Directiva.

Rematado o informe do presidente, procédese co seguinte punto da orde do día: Estudo e aprobación os criterios para actuar no campionato de España máster de Pista Cubierta.

Ángel López-Montesinos recorda que temos un documento cos criterios aprobados para o campionato de España absoluto de 2020 que ten unha cláusula que afirma que serán os criterios para calquera outro campionato de España na mesma instalación salvo que esta xunta directiva aprobe outros.

Debátese sobre varios puntos e tras o debate a Xunta directiva decide, por unanimidade, manter os criterios pero incluíndo a seguinte cláusula nos mesmos:

“A xunta directiva do CGX resérvase a posibilidade de non convocar aqueles xuíces ou xuízas que fosen expulsados do xurado en anteriores competicións.”

Unha vez aprobada a inclusión deste criterio, procédese a decidir se se aplica o mesmo debido ao acontecido cun xuíz do CGX durante a celebración do Campeonato de España



absoluto que non cumpriu o horario de presentación na competición sen ningún motivo xustificado e foi retirado da competición por parte do director de reunión, tal como consta no xurado oficial da proba. Tras debate, sométese a votación este punto:

Votación: Non convocatoria do dito xuíz ao Campionato de España máster de pista cuberta por ter sido expulsado do xurado en anteriores competicións

Votos a favor: 8 Votos en contra: 0 Abstencións: 4

A executiva do CGX fará cumprir o dito acordo.

Seguinte punto: Exames CNJ a celebrar en Galicia: Ascenso a Nivel 2 – Nivel 3 e acceso a Nivel 1

Explica Ángel López-Montesinos que os exames de N2 e N3 realizaranse en Expourense en xornadas de mañá e tarde. O mesmo día pola tarde, na mesma sede, celebrarase o exame de nivel 1. Trasladarase aos delegados os anotados a dito exame por se queren realizar algunha formación presencial. Pregunta Estefanía Acuña se os auxiliares/aspirantes teñen a obriga de presentarse a exame. Contesta Ángel López-Montesinos que por acordo da xunta directiva, os auxiliares que non se presenten aos sucesivos exames non poden seguir acudindo como auxiliares ás competicións. Recórdase este punto aos delegados. Dolores Rojas suxire que na próxima circular de convocatoria de exames/cursos se recorde este punto. O secretario toma nota da suxestión.

Concepción Pérez pregunta cantas persoas mínimo ten que haber para facer formación presencial. Coméntase que se ten realizado formacións para 1 persoa; así que sen problema.

Rematado este punto da orde do día, ábrese o seguinte: Elección da Placa Ramón Docal 2021. Tras debate dos presentes, cóntase cos seguintes candidatos:


Berta Bretal Cancelas

Inocencio Pérez Román

Estela María Rodríguez Diéguez

Luis M. Trincado Álvarez

Segundo o regulamento da Placa, realízase unha primeira votación onde os presentes poden votar 3 candidatos como máximo.



Votación: Primeira rolda da votación para a placa Ramón Docal Berta Bretal Cancelas 12 votos

Inocencio Pérez Román 2 votos

Estela María Rodríguez Diéguez 8 votos

Luis M. Trincado Álvarez 8 votos

Realízase unha segunda votación cos 3 candidatos máis votados, permitindo 1 candidato por persoa. Estes son os resultados

Votación: Segunda rolda da votación para a placa Ramón Docal Berta Bretal Cancelas 9 votos

Estela María Rodríguez Diéguez 1 voto

Luis M. Trincado Álvarez 2 votos

A placa Ramón Docal 2021 concédese a Berta Bretal Cancelas. O presidente informará á galardoada pedíndolles discreción aos presentes ata a dita comunicación.

Procédese a debater a proposta da Xunta Directiva do CGX para candidatos a xuíz novel do ano do CNJ. Hai 3 propostas: Patricia Quintas Carreira, Estefanía Acuña García e David Ferrer Fernández. Realízase unha votación permitindo 1 candidato por persoa. Estes son os resultados:

Votación: Proposta do CGX a xuíz novel do ano 2021

Estefanía Acuña García 0 votos

David Ferrer Fernández 12 votos

Patricia Quintas Carreira 0 votos

Luis M. Trincado Álvarez 2 votos

A proposta de candidato a xuíz novel do ano da Xunta Directiva do CGX será David Ferrer Fernández. ¹

Procédese a debater a proposta da Xunta Directiva do CGX para candidatos a xuíz do ano do CNJ. Hai 2 propostas: Manuel Garrido Toro e Loreto Pérez Román. Realízase unha votación permitindo 1 candidato por persoa. Estes son os resultados:

¹ Debido á incompatibilidade da categoría de David Ferrer (Nivel 3) cos requisitos da convocatoria a mellor xuíz novel do CNJ, posteriormente a esta reunión celebrouse unha votación telemática con data 11 de outubro de 2021 entre os restantes candidatos cos seguintes resultados:

Estefanía Acuña García: 10 votos

Patricia Quintas Carreira: 0 votos

En branco: 1 voto

Sendo elixida Estefanía Acuña García como candidata da xunta directiva do CGX a xuíz novel RFEA 2021.



Votación: Proposta do CGX a xuíz do ano 2021

Manuel Garrido Toro 7 votos

Loreto Pérez Román 5 votos

A proposta de candidato a xuíz do ano da Xunta Directiva do CGX será Manuel Garrido Toro.

Continua Ángel López-Montesinos co seguinte punto na orde do día: Uniformidade do CGX. Pide primeiramente disculpas polo proceso seguido que se está alongando moito e con moitos cambios e molestias para os xuíces. Aclárase que é un tema que está xestionando a FGA co provedor e o CGX exerce simplemente de interlocutor. Coméntase que se decidiu a última hora cambiar a sudadera por unha chaqueta con cremalleira e que haberá tallaxe de muller salvo na cazadora. O provedor informa que poderán facerse cambios de tallaxe. Prevese ter o uniforme a finais de outubro pero todo dependerá do provedor.

Recórdase que os criterios de entrega de uniformidade serán os mesmos que en anteriores renovacións: os delegados informarán dos xuíces que actúan habitualmente e aqueles xuíces dos que non se teñen noticias ou levan anos sen actuar non recibirán o uniforme ata que se anoten á primeira competición, aínda que teñan licenza renovada. Hai acordo xeral en manter isto.

Seguinte punto da orde do día: Actualizacións menores do documento de tarifas do CGX. O presidente comenta que tivemos problemas nunha ocasión co aloxamento dun xuíz nun campionato de Galicia. Suxire engadir ao documento unha nota que deixe claro que o aloxamento dos xuíces que acoden a competicións de máis dun día ten que ser solicitado e

xestionado polo CGX. Aclara Dolores Rojas que especificamente se comente que é o CGX e non outras persoas da FGA nin os organizadores.

Segundo coas actualizacións do documento de tarifa, Dolores Rojas suxire que se elimine o de pagar os km segundo a ocupación dos vehículos para os desprazamentos en delegacións. Xustifica a proposta porque nos desprazamentos entre delegacións nunca se poden desprazar xuíces de forma individual cobrando o vehículo e isto xera confusión. Debátese que estes pagos por km están para os desprazamentos internos naquelas delegacións onde se acorda pagalos. Acórdase ter dous impresos de desprazamentos: un para os desprazamentos entre delegacións sen estas diferenzas por quilometraxe e outro para os desprazamentos internos.

Estefanía Acuña consulta que ocorre cando un xuíz se despraza pola súa conta e non leva xuíces. Guillermo Sandino aclara que ou leva xuíces ou o coche non se paga e pagarase o coche que vai con xuíces. Hai acordo xeral que baixo ningún concepto se paguen coches aos xuíces que se desprazan pola súa conta sen levar xuíces.

Rocío López consulta unha problemática que ten cando o que leva o coche non achega os xuíces ata a súa casa. Especialmente ao voltar da competición xa que en cidades como A Coruña a partir de certa hora non hai transporte público e téñense dado casuísticas onde o xuíz ten que camiñar 40 minutos ata a súa casa dende o lugar onde o deixou o xuíz que levou o coche. Debátese o tema salientando que non podemos legislar por casuísticas puntuais e problemáticas persoais e que se debe impoñer o sentido común. Acórdase engadir unha nota para aclarar que



os xuíces que levan o coche teñen que facilitar o regreso ao domicilio do resto de xuíces. Recórdase ademais que levar coche é algo voluntario.

Guillermo Sandino traslada a consulta da FGA sobre como pagar a reunión previa dunha competición se por exemplo se require a presenza do director de reunión. Hai acordo que se pague como unha xornada extra.

Rematados os puntos da orde do día, procédese ao turno de Rolda de intervencións:

Nacho Rego comenta como se xestionan as oposicións e os operadores para as mesmas. Solicita que administración da FGA fale coa delegación organizadora pero se esta non ten operador que se solicite ao CGX e non se fale cos operadores directamente doutras delegacións para evitar situacións non desexadas. Acórdase darlle traslado á FGA para que así sexa.

M^a Concepción Pérez pregunta polos procedementos para meter as probas no calendario. Que están consultando primeiro se hai xuíces para logo metela no calendario. Acórdase que isto non pode tolerarse de forma xeneralizada, que unha vez a proba esté no calendario pediranse os xuíces. Comenta tamén que os clubs transmiten queixas por poñer un director técnico e un adxunto. Coméntase que o CGX envía os xuíces que considera necesarios e especialmente esta tempada coas dificultades engadidas do protocolo Covid19 decidiuse facelo así. Recórdase tamén que os directores técnicos non teñen porqué montar a pista o día anterior, é unha tarefa dos organizadores e se o director técnico vai o día anterior debe cobrarse a dita actuación. Traslada tamén as presións dos organizadores sobre o número de xuíces. Guillermo Sandino responde que non se discuta cos organizadores, que se lles dirixa ao correo do CGX para tratar eses temas.

Estefanía Acuña pregunta se nas carreiras populares con protocolo Covid19 se pode aumentar o número de 4 xuíces en ruta. Respóndeselle que o propio acordo permite aumentar eses xuíces por causas xustificadas como poden ser estas.

Nacho Rego comenta unha situación puntual que se deu en Lugo onde o delegado fixo marcharse á operadora de Foto Finish tras 4h exactas para evitar pagar xornada e media facendo que o resto de probas foran con cronometraxe manual. Hai acordo xeral que isto non se pode permitir xa que é decisión do CGX o control técnico das competicións. Daráselle traslado ao secretario xeral da FGA desta problemática.

Consulta tamén Nacho Rego canto se paga nos trails de moitas horas. Debátese o tema e acórdase que en trails de máis de 6h se pagará dúas xornadas. Inclúese este apartado no novo documento de tarifas.

Rocío López dá traslado dunha petición dun xuíz da delegación para que se activen os seminarios de EDM, saídas, etc. Acórdase fixar data para o seminario de EDM de Pontevedra e consultar á comisión de marcha do CNJ sobre o de marcha previsto.

Comenta tamén Rocío López se poden dar saídas xuíces que non sexan do panel de saídas. Manuel Garrido comenta que en probas locais ou escolares poden poñerse xuíces que non sexan do panel con xuíces do panel para formarse.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Anxo Pérez solicita que en probas en ruta con protocolo Covid19 se distancien máis as saídas de categorías menores xa que unha saída cada 10 segundos é moi difícil de cumprir. Darase traslado á dirección técnica da FGA.

Eloy Bretal quere comunicar á Xunta Directiva que deixa a mesma remarcando que queda en boas mans e que estará sempre disposto para colaborar dende fóra de dita xunta.

Sen máis preguntas dos asistentes, dáse por rematada a reunión ás 19:45 horas.

Fdo: Guillermo Sandino Leira

(Secretario do Comité Galego de Xuíces)